

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN POLA IGUALDADE DAS MULLERES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (FEMUPO) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO INCLUÍDAS NO PROXECTO *MULLERES EN CONSTRUCCIÓN II*

### MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia. o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, facendo especial fincapé no seu artigo 1 a adopción de



medidas integrais para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero.

A Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO) constituíuse no 2019 onde por unanimidade estableceuse a creación dunha Federación de mulleres que dera apoio e visibilidade a todas as asociacións que o precisen. É unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A directiva da Federación composta por presidentas de Mulleres en Igualdade, Mulleres Rurais e Asociacións de Amas de Casa, está repartida territorialmente por veciñas do Baixo Miño, da Comarca do Deza, de Tui, Porriño, do Morrazo, de Poio, Vigo, A Estrada e de Terra de Montes e Terras de Pontevedra que engloba Cerdedo-Cotobade, A Lama e Ponte Caldelas.

Entre os fins da federación figuran a defensa das liberdades, os dereitos e os intereses das mulleres e dos/as menores en calquera situación de desamparo, con especial atención á defensa dos dereitos e liberdades das mulleres con menores a cargo e das mulleres vítimas da trata e explotación sexual, a denuncia expresa de toda discriminación cara á muller e os/as menores polo feito de selo, a defensa e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas. O proxecto a desenvolver pola Federación céntrase en analizar e atopar solucións para rematar coa violencia de xénero en todos os ámbitos.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO) para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é analizar a violencia de xénero desde o ámbito laboral e educativo, tomar conciencia desta



problemática social e fomentar a visibilización da violencia de xénero como unha lacra social así como atopar solucións conxuntas para favorecer o empoderamento da muller e evitar que non haxa novas vítimas de violencia de xénero no futuro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

